

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2019 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 9 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019.

A Orde do 31 de decembro de 2018 (DOG núm. 21, do 30 de xaneiro de 2019), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

A Resolución do 9 de maio de 2019 (DOG núm. 95, do 21 de maio) adxudica as axudas ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de predoutoral que se relacionan no seu anexo III.

O artigo 19 da orde de convocatoria establece que, no caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain (segundo sexa o caso), e que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza antes do 31 de outubro de 2019. O dito artigo tamén indica que as renuncias soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera da modalidade e do órgano instrutor en que se produzan; e que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo restante de aproveitamento da axuda.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Gain,

RESOLVO:

Primeiro. Aceptar a renuncia presentada pola entidade beneficiaria das axudas de apoio á etapa predoutoral da modalidade A correspondente á persoa seleccionada que se relaciona no anexo I.



Segundo. Adxudicar a axuda á entidades e persoas candidatas da lista de agarda da modalidade A que se relaciona no anexo II.

Terceiro. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as entidades alleas ao SUG, segundo a renuncia e a nova incorporación, tal como se indica na seguinte táboa:

Modalidade A: 7 axudas.

Aplicación orzamentaria	Entidades	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
09.A3.561A.480.0	Fundación Biomédica Galicia Sur	1	0,00	28.500,00	24.500,00	24.500,00	77.500,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	3	32.570,82	87.500,00	73.500,00	40.929,18	234.500,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	2	21.713,88	59.000,00	49.000,00	27.286,12	157.000,00
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	10.856,94	28.500,00	24.500,00	13.643,06	77.500,00
Total		7	65.141,64	203.500,00	171.500,00	106.358,36	546.500,00

Cuarto. Actualizar a lista de espera da modalidade A, que se inclúe como anexo III, para determinar posibles substitucións.

Quinto. A data de comezo do novo contrato será o día 1 de novembro de 2019 e a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo restante de aproveitamento da axuda.

Sexto. A entidade beneficiaria deberá remitir un escrito de aceptación á Gain no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vinculará a persoa seleccionada ao seu organismo mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e, así mesmo, serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.



Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Gain e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
e presidente da Axencia Galega de Innovación

ANEXO I Renuncia á axuda concedida

Modalidade A.

Núm. exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Data de renuncia
IN606A-2019/027	Fundación Biomédica Galicia Sur	Ruiz	Arribas	Marta	***0664**	3	Non asinou o contrato

ANEXO II Axuda da lista de espera concedida

Modalidade A.

Núm. exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2019/022	Fundación Biomédica Galicia Sur	Freiria	Martínez	Luis	***8383**	2	Ciencias



**ANEXO III
Lista de espera**

Modalidade A.

Núm. exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
IN606A-2019/023	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Saco	Beiroa	Amaro	***9349**	3	9,0106
IN606A-2019/024	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Villena	Rodríguez	Andrea	***4575**	3	8,8287
IN606A-2019/011	Fundación Profesor Novoa Santos	Lorenzo	Gómez	Irene	***7004**	3	8,6139

